



**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**
Colexio de Educación Infantil e Primaria
A Maía

Avda. da Peregrina s/n
Bertamiráns – Ames
15220 – A Coruña
Teléfono: 981-883 152
Fax: 981-890 234
ceip.a.maia@edu.xunta.es

Bertamiráns, 9 de xuño de 2015

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto convosco para darvos a seguinte información:

- No DOG de 1 de xuño de 2015, saíu publicado a Orde de 22 de maio pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto destinadas ao alumnado de 1º, 2º, 4º e 6º de educación primaria. As familias que estean interesadas nas axudas, deberán entregar a solicitude coa documentación correspondente (pódese baixar da páxina da Xunta ou recoller o impreso no Centro) ata o día 1 de xullo de 2015.
- O alumnado beneficiario das axudas no curso pasado deberá devolver os libros adquiridos co vale agás 1º e 2º que non se poden reutilizar por ser funxibles. Esta devolución farase antes do 19 de xuño. A non devolución dos libros é causa de exclusión do fondo solidario de libros e das convocatorias de axudas (DOG 1 de xuño de 2015, Orde do 21 de maio.)
- O próximo luns día 15 de xuño, invitamos aos pais e nais de alumnado de 3º que foi excluído das axudas, a unha reunión ás 16,30 h na biblioteca do centro para debater o tema dos libros de texto.
- Noutro orde de cousas, informar que dende o Equipo de Actividades Extraescolares estanse preparando as actividades de despedida de curso e nas que teñen programadas deste xeito:
Día 17, obradoiros sobre o mar para educación infantil.
Día 18, obradoiros de cultura urbana para educación primaria.
- O día 19, terá lugar a entrega de notas e a clausura da actividade lectiva.
- Recordamos aos pais e nais do alumnado de 6º de primaria que deberán pasar polo centro o día 29 de xuño entre as 10,00 h e as 13,00 h a recoller o Historial Académico.
- Finalmente e por parte desta dirección, despedirme pois neste curso dou por rematada a miña actividade laboral. Grazas a todos vós pola vosa extraordinaria colaboración na etapa que exercín como directora e na que sempre contei coa vosa comprensión e axuda.
- Un cordial saúdo. Boas vacacións e ata sempre.

A Directora
Asdo.: Rosalía Avilés Bentín

NOTA: O alumnado de 5º e 6º de primaria traballará co libro dixital polo que non precisan os textos.